



INSTITUTO
GALEGO DE
ESTADÍSTICA



INFORME SOBRE O ÍNDICE DE COMERCIO POLO MIÚDO

Agosto 2022

Santiago de Compostela, 30 de setembro de 2022

Instituto Galego de Estatística
Complexo Administrativo San Lázaro s/n
15703 Santiago de Compostela (A Coruña)
Contacto: <http://www.ige.eu/web/peticioninfo.jsp>
Teléfono información: 981.54.15.89 (de 9:00 a 14:00 horas)
FAX: 981.54.13.23
Páxina Web : <http://www.ige.eu>

Índice de comercio polo miúdo (ICM). Agosto 2022

- O índice xeral do comercio polo miúdo a prezos constantes diminúe un 0,3% en Galicia en agosto de 2022 con respecto ao mesmo período do ano anterior; no conxunto de España aumenta un 0,8%.
- Por produtos, as vendas en Alimentación diminúen un 1,6% e no Resto de produtos un 2,5%.
- As vendas minoristas aumentan en sete comunidades autónomas.
- O índice xeral do comercio polo miúdo a prezos correntes rexistra un crecemento do 14,3% en Galicia no mes de agosto de 2022 con respecto ao mesmo período do ano anterior, e no conxunto de España do 15,9%.
- O índice xeral de ocupación rexistra unha taxa do 3,5% en Galicia e do 2,6% no conxunto do Estado.
- A ocupación aumenta en todas as comunidades autónomas agás en Asturias e Aragón.

Índices de comercio polo miúdo a prezos constantes. Agosto 2022

Taxa de variación do índice xeral sen estacións de servizo e achegas dos seus compoñentes	Índice	Variacións (%)	
		Interanual	No que vai de ano
Xeral	113,3	-0,3	-2,4
Xeral sen estacións de servizo	111,3	-1,9	-4,2
Alimentación	106,1	-1,6	-6,1
Resto	114,9	-2,5	-3,0

1. Índice xeral de comercio polo miúdo a prezos constantes

O índice xeral de comercio polo miúdo a prezos constantes diminúe un 0,3% en Galicia en agosto de 2022 con respecto ao mesmo período do ano anterior mentres que no conxunto de España aumenta un 0,8%.


O índice xeral sen estacións de servizo diminúe un 1,9% en Galicia e un 0,9% en España respecto a agosto de 2021. Desagregando por produtos:

- A Alimentación reduce as súas vendas un 1,6% en Galicia mentres que aumentan un 1,2% no conxunto de España.
- O Resto de produtos diminúe un 2,5% en Galicia e un 2,8% no conxunto do Estado.

Nos oito primeiros meses do ano, o índice xeral diminúe un 2,4% en Galicia, taxa 2,7 puntos inferior á de España (0,3%). A Alimentación reduce as súas vendas un 6,1% en Galicia e un 1,1% no conxunto do Estado; no Resto de produtos as vendas caen un 3,0% en Galicia e un 1,6% en España.

Se se eliminan os efectos estacionais e de calendario, o índice xeral presenta unha taxa de variación interanual do -2,3%.

O gráfico mostra a evolución da taxa de variación interanual do índice xeral do comercio minorista na serie orixinal e na serie corrixida de estacionalidade e calendario.




2. Índices por comunidades autónomas

As vendas aumentan en sete comunidades autónomas. Os maiores incrementos rexístranse en Illes Balears (7,0%) e Canarias (5,8%).

Os maiores descensos rexístranse en: Castilla – La Mancha (-4,8%) e La Rioja (-3,7%).

Índice xeral do comercio minorista a prezos constantes. Agosto 2022

Taxas de variación en %



No que vai de ano, oito comunidades incrementan as vendas, rexistrando as taxas máis elevadas Illes Balears (8,2%) e Canarias (7,9%).


Os maiores descensos rexístranse en Castilla – La Mancha (-3,9%) e País Vasco (-3,3%).

3. Índice xeral do comercio polo miúdo a prezos correntes

O Índice de comercio polo miúdo (ICM) a prezos correntes aumenta un 14,3% en Galicia no mes de agosto de 2022, e un 15,9% no conxunto de España.

O índice xeral sen estacións de servizo rexistra unha taxa do 12,0% en Galicia e do 13,5% en España. Desagregando por produtos, en Galicia as vendas en Alimentación aumentan un

10,0% e no Resto de produtos un 13,6%. No conxunto do Estado, rexístrase un incremento do 13,9% das vendas en Alimentación e do 13,1% no Resto de produtos.



4. Índice de ocupación

O índice xeral de ocupación amosa unha taxa de variación interanual do 3,5% no mes de agosto en Galicia e do 2,6% no conxunto do Estado.

En media do que vai de ano, a ocupación crece un 3,3% en Galicia e un 2,6% en España.


5. Índices de ocupación por comunidades autónomas

A ocupación no comercio minorista aumenta en agosto en todas as comunidades autónomas agás en Asturias (-1,0%) e Aragón (-0,1%). Os maiores incrementos rexístranse en Illes Balears (8,5%) e Canarias (5,6%).

Nos oito primeiros meses do ano, os maiores crecementos rexístranse en Illes Balears (6,8%) e Canarias (4,3%). As taxas máis baixas danse en Asturias (0,0%) e Murcia (1,0%).

Índice xeral de ocupación. Agosto 2022

Taxas de variación en %



Notas metodolóxicas

Os índices de comercio polo miúdo son uns indicadores conxunturais que teñen por obxecto coñecer as características fundamentais das empresas dedicadas ao exercicio do comercio polo miúdo en España, e que permiten medir, a curto prazo, a evolución da actividade das empresas incluídas na sección G da CNAE-2009.

Os índices calcúlanse como un índice Laspeyres encadeado con ano base 2015 (encadeamento mensual no mes de decembro).

Os índices de comercio polo miúdo a prezos constantes mostran a evolución das vendas do sector minorista unha vez eliminado o efecto que os prezos teñen sobre as ditas vendas.

Os deflatores que se utilizan nos distintos índices a nivel de comunidade autónoma son:

- Índice xeral de comercio minorista: IPC xeral sen servizos nin alugueres; nin automóviles, outros vehículos, repostos e accesorios para mantemento
- Índice xeral sen estacións de servizo: IPC xeral sen servizos nin alugueres; nin automóviles, outros vehículos, repostos e accesorios para mantemento; nin carburantes e lubricantes.
- Índice Alimentación: IPC alimentos, bebidas e tabaco.
- Índice Resto: IPC xeral sen alimentos, bebidas e tabaco; nin servizos nin alugueres; nin carburantes e lubricantes; nin automóviles, outros vehículos, repostos e accesorios para mantemento.

Os índices de comercio polo miúdo a prezos constantes obtéñense como cociente entre os índices de comercio polo miúdo a prezos correntes e o IPC¹.

¹ Os índices de comercio polo miúdo están en base 2015, e o IPC en base 2021, polo que se calcula un índice de prezos en base 2015.

Anexo cadros

Cadro 1. Índices de comercio polo miúdo. Agosto 2022

	ÍNDICE	VARIACIÓNS (%)		ÍNDICE DEFLACTADO	VARIACIÓNS (%)	
		INTERANUAL	NO QUE VAI DE ANO		INTERANUAL	NO QUE VAI DE ANO
Galicia						
Xeral	137,7	14,3	10,7	113,3	-0,3	-2,4
Xeral sen estacións de servizo	133,9	12,0	7,1	111,3	-1,9	-4,2
Alimentación	130,7	10,0	2,3	106,1	-1,6	-6,1
Resto	135,6	13,6	10,9	114,9	-2,5	-3,0
España						
Xeral	125,9	15,9	13,6	103,6	0,8	0,3
Xeral sen estacións de servizo	121,6	13,5	10,1	101,4	-0,9	-1,2
Alimentación	130,6	13,9	7,9	106,3	1,2	-1,1
Resto	114,7	13,1	11,9	97,5	-2,8	-1,6

Fonte: I.E.E. Elaboración propia a partir dos datos suministrados por I.N.E.

Cadro 2. Índices de comercio polo miúdo corrixidos de estacionalidade e calendario. Agosto 2022

	ÍNDICE	VARIACIÓNS (%)		ÍNDICE DEFLACTADO	VARIACIÓNS (%)	
		INTERANUAL	NO QUE VAI DE ANO		INTERANUAL	NO QUE VAI DE ANO
Galicia						
Xeral	129,2	12,5	10,5	104,0	-2,3	-2,3
Xeral sen estacións de servizo	125,6	9,1	7,1	103,7	-4,1	-4,0
Alimentación	119,0	7,6	2,2	97,0	-3,7	-6,1
Resto	131,2	11,7	10,7	107,9	-4,9	-2,9
España						
Xeral	128,6	15,3	13,7	104,1	0,0	0,5
Xeral sen estacións de servizo	125,8	13,0	10,3	103,1	-1,4	-1,1
Alimentación	127,1	11,9	7,5	103,3	-0,1	-1,1
Resto	122,0	11,6	12,4	102,8	-3,3	-1,5

Fonte: I.E.E. Elaboración propia a partir dos datos suministrados por I.N.E.

Cadro 3. Índice xeral do comercio polo miúdo por comunidades autónomas. Agosto 2022

	ÍNDICE	VARIACIÓNS (%)		ÍNDICE DEFLACTADO	VARIACIÓNS (%)	
		INTERANUAL	NO QUE VAI DE ANO		INTERANUAL	NO QUE VAI DE ANO
ESPAÑA	125,9	15,9	13,6	103,6	0,8	0,3
Andalucía	127,2	12,9	12,7	105,3	-1,9	-0,3
Aragón	117,6	14,5	13,3	95,9	-1,5	-1,1
Asturias	123,6	12,6	9,8	102,5	-2,1	-3,1
Balears, Illes	163,4	22,3	22,0	135,2	7,0	8,2
Canarias	118,9	19,6	19,9	99,7	5,8	7,9
Cantabria	144,6	17,0	13,8	118,9	2,8	0,9
Castilla y León	128,4	16,1	15,8	103,8	-0,3	1,0
Castilla-La Mancha	126,4	11,7	11,0	101,5	-4,8	-3,9
Cataluña	119,4	18,3	13,3	97,3	3,0	0,1
Comunitat Valenciana	134,1	15,0	13,7	111,4	-0,1	0,4
Extremadura	118,6	17,3	15,7	97,9	1,7	2,3
GALICIA	137,7	14,3	10,7	113,3	-0,3	-2,4
Madrid	122,1	16,4	14,0	101,4	2,0	1,3
Murcia, Región de	122,4	14,2	11,9	102,0	-1,0	-1,1
Navarra	123,2	13,5	12,8	99,9	-2,1	-0,9
País Vasco	108,1	14,9	9,1	88,7	0,2	-3,3
Rioja, La	127,0	12,1	13,2	103,4	-3,7	-0,8
Ceuta	83,3	8,7	6,8	70,2	-4,4	-4,3
Melilla	80,9	8,0	3,0	67,5	-5,0	-8,5

Fonte:INE

Cadro 4. Índices de ocupación. Agosto 2022

	ÍNDICE	VARIACIÓNS (%)	
		INTERANUAL	NO QUE VAI DE ANO
Galicia			
Xeral	108,2	3,5	3,3
Xeral sen estacións de servizo	107,7	3,5	3,2
España			
Xeral	107,4	2,6	2,6
Xeral sen estacións de servizo	107,2	2,6	2,5

Fonte:INE

Cadro 5. Índice xeral de ocupación por comunidades autónomas.
Agosto 2022

	ÍNDICE	VARIACIÓNS (%)	
		INTERANUAL	NO QUE VAI DE ANO
ESPAÑA	107,4	2,6	2,6
Andalucía	105,2	3,8	3,6
Aragón	105,9	-0,1	1,1
Asturias	104,3	-1,0	0,0
Baleares, Illes	121,4	8,5	6,8
Canarias	106,4	5,6	4,3
Cantabria	106,9	1,9	3,0
Castilla y León	106,8	0,4	2,1
Castilla-La Mancha	104,4	2,2	2,2
Cataluña	107,5	2,8	2,4
Comunitat Valenciana	113,2	1,6	1,8
Extremadura	106,3	4,6	3,2
GALICIA	108,2	3,5	3,3
Madrid	106,2	1,2	2,0
Murcia	106,0	1,4	1,0
Navarra	104,1	1,3	2,2
País Vasco	106,1	2,2	1,9
Rioja, La	108,1	2,8	3,0
Ceuta	101,3	2,0	0,6
Melilla	101,3	0,8	0,8

Fonte: IVE